



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2019 → 2020

DOMINGO 10
NOVIEMBRE 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

ÓPERA

A AMNESIA DE CLÍO, de Fernando Buíde
Estrea absoluta

Paul Daniel Director musical

Pablo Devigo Director asistente

Raquel Lojendio Soprano (Clío)

Sebastià Peris Barítono (George Bush)

Marina Pardo Mezzosoprano

(Angela Merkel / Leslie Zimmerman)

Orfeón Terra A Nosa

Miro Moreira, director

Marta Pazos Dirección escénica


Sala Mozart, 19.45 h

CONvers@ndo con

PAUL DANIEL Director

FERNANDO BUÍDE Compositor

MARTA PAZOS Dirección escénica



PROGRAMA

FERNANDO BUÍDE (1980)

ÓPERA

A amnesia de Clío
(estrea absoluta)

Fernando Epelde, libreto

Acto I

Acto II

Acto III

Clío: Raquel Lojendio (soprano)

George Bush: Sebastià Peris (barítono)

Angela Merkel / Leslie Zimmerman: Marina Pardo
(mezzosoprano)

Orfeón Terra A Nosa

Unha produción de Voadora en coprodución co Consorcio de Santiago-Real Filharmonía de Galicia, Xunta de Galicia e Asociación Amigos da Ópera de Santiago; co apoio da Deputación da Coruña, Concello de Santiago de Compostela e Concello da Coruña; co patrocinio do Xacobeo 2021. Coa colaboración de Tee Travel, Galimusic, O Faro de Pepa, Hotel Costa Vella, Santiago Black Ravens; creadp e residencia co apoio de Teatro de La Abadía, Fundación SGAE, Espazo Aberto e Colegio La Salle.

Proxecto realizado coa Beca Leonardo a Investigadores y Creadores Culturales 2017 da Fundación BBVA.



Duración aproximada do concerto: 1 hora e 40 minutos (SEN PAUSA)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

SINOPSE

De todas as musas, Clío é aquela á que o tempo outorgou maior responsabilidade. Musa da historia, xeralmente representada sobre un globo terráqueo e co libro dun gran historiador clásico na man -Tucídides-, ela é a figura sobre a que xira o noso espectáculo. Pero, por que Clío ten que levar un libro escrito por un home nas mans? Por que a musa non pode levar o seu propio manuscrito? Unha visión redactada dende a súa propia perspectiva, e non o compendio de anotacións dun home maior, un dos historiadores clásicos que se facía chamar "O Vello"?

A nosa ópera inspírase no lado máis estraño e pintoresco da idea mesma de Historia e aliméntase tamén da parte máis inexplicable da política como visión do mundo. Como ferramenta para entender o lugar que ocupamos neste planeta.

Protagonizada por unha estraña galería de políticos -moitos deles xa retirados- a nosa peza envólvese cos protocolos e a excéntrica mecánica do universo político, para ofrecer unha mirada inesperada sobre as forzas e personalidades que transforman os pasos en pegadas e as frases en citas.

Unha viaxe extravagante, dende logo, na que realidade histórica e ficción política entrecrúzanse para dar lugar a unha ópera contemporánea e cinemática. Unha verdadeira ucropía que parte da realidade para rematar na fábula.

Unha experiencia á que asistimos guiados por unha figura insólita xeradora dun cambio universal, condutora dun plan internacional para cambiar o paradigma da musa e o artista.

Acto I - O ano no que Bush comezou a pintar aos soldados que enviou a morrer a Irak no ano 2003

Neste acto cóntase o misterioso proceso polo que o expresidente de EEUU, George W. Bush, obsesiónase con pintar a todos os soldados que enviou á guerra de Irak, mentres Clío traballa nun plan internacional de

recontextualización da cultura dende unha perspectiva feminista.

Un acto que parte dunha anécdota real, a das pinturas realizadas por Bush, para empregala como detonante da fantasía.

Un gran encontro político entre estas dúas figuras antagónicas -Clío e Bush-.

Acto II - Guerra

O acto comeza oito anos despois daqueles feitos acontecidos na primeira parte do libreto. Unha guerra política estalou entre Bush, de novo presidente electo de EEUU, e Clío, que escalou en política ata chegar ao posto de gobernadora da nova nación europea de Zora.

Nesta pasaxe entendemos moito mellor as motivacións da musa, o seu pasado e as dificultades que padeceu ata crear unha icona tan complexa e cargada de contradicións como a que ela representa agora.

A través da súa voz reviviremos as estratexias para fuxir da mecánica do patriarcado e as interseccións do seu camiño ata esta cima que agora ocupa.

Por último, asistiremos ao tramado do polémico plan elaborado pola gobernadora para vencer ao seu rival.

Acto III - Clío

Neste acto detallarase a artimaña política da gobernadora para derrocar a George W. Bush da presidencia dos EEUU.

É o final do periplo dunha muller escollida polo destino para rexer os designios de Europa nunha época de profundos cambios. Ademais, brevemente, o seu declive e o seu final.

A peza defínese neste final como unha biografía de corte político, cargada das contradicións propias dunha figura política de semellante envergadura.

Coro Orfeón Terra A Nosa

Director: Miro Moreira

Sopranos: Aida López Carrera, María Jesús Sánchez-Brunete Alija, María Dolores Crespo Abuín, Isabel Pereiro Raposo, Isabel Lapido Silva, Chelo López Federico, Sara Moreno Hermida.

Mezzosopranos: María Dolores Pampín Iglesias, Mariola González García, Sonia Rohrer Sobrino

Tenores: Chema Ares Pérez, Ismael Arias Melón, Javier Blanco Blanco, Óscar Mato Collazo, Marcos Mato Collazo, Miguel Fontenla Portas.

Baixos: Pablo Nieves Fuentes, Fernando Fernández González, Alfredo López Moure, Antonio Javier Pérez Estévez

Bailaríns: Diego Buceta, Fran Martínez

FICHA TÉCNICA

Iluminación: José Alvaro Correia

Coreografía: Rut Balbís

Vestuario: Pier Paolo Álvaro

Caracterización: Fany Bello

Rexedor / Asistente de Dirección: Franco Orsini

Axudante de escenografía e Vestuario: Carmen Triñanes

Construción: Centro Dramático Galego

Técnico de sobretítulos: Iván Núñez Casal

Asistente de Producción: Liza G. Suárez

Producción técnica: Hugo Torres

Producción: Jose Díaz

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Ildikó Oltai
Claudio Guridi
Yulia Petrushevskaya
Michał Ryczel
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Elina Viksne
Helena Sengelaw
Samira Ajkic
Irina Gruia
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Iriana Fernández
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Ailsa Lewin **
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel
Alexandre Llano (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Esther Viúdez *

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Manuel Veiga *

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *

TROMBÓN

Arturo Centelles (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo (R)
Isabel Diego (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmonía da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria). En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

PABLO DEVIGO

Director asistente

Recentemente nomeado director asistente da Carmel Symphony Orchestra (EEUU) e do Teatro de Ópera e Ballet da Universidade de Indiana, foi eloxiado polo seu compromiso e seriedade na súa participación no Lucerne Easter Festival de 2017 polo Mestre Bernard Haitink. Ten participado en clases

maxistrais con mestres e orquestras de recoñecemento mundial como David Zinman e a Tonhalle Orchester (Zúric) ou Dima Slobodeniouk e a Orquestra Sinfónica de Galicia. Ten colaborado con outros directores como Giancarlo Guerrero, Jorma Panula, David Effron, Larry Rachleff ou Robert Spano.

Nativo de Castro Caldelas (Ourense), goza dunha ampla formación musical. Graduouse en Composición e Dirección no Conservatorio Superior de Música del Principado de Asturias. En 2015 foi recoñecido cunha bolsa Fulbright para continuar os seus estudos de Dirección no Cleveland Institute of Music. Na actualidade está rematando o seu programa de doutoramento na Universidade de Indiana co Mestre Arthur Fagen e especialízase en piano con Émile Naoumoff e en clave con Elisabeth Wright. O verán pasado foi convidado polo prestixioso Festival de Música de Aspen (Colorado, EEUU), onde recibiu a bolsa Helen F. Whitaker.

RAQUEL LOJENDIO

Soprano

A súa versatilidade permítelle abordar un repertorio tan extenso como Bach, Mozart, Stravinski, Verdi, Shostakóvich ou Wagner. Ten traballado baixo a batuta de mestres como Sir Neville Marriner, Frühbeck de Burgos, Gianluigi Gelmetti, Juanjo Mena, Jun Märkl, Antoni Wit, López Cobos, García-Calvo, Víctor Pablo Pérez, Jiri Kout, Edmon Colomer, Vassili Petrenko, Rus Broseta... Actuou coas principais orquestras españolas e no estranxeiro coa Fiharmónica de Berlín, Sinfónica de Boston, Filharmónica da BBC, Sinfónica de Seattle, Sinfónica Nacional da Rai de Torino, Filharmónica de Bergen, Filharmónica de Dresde, Sinfónica de Hamburgo, “Giuseppe Verdi” de Trieste e Orquestra Nacional do Capitolio de Toulouse, entre outras. Estudou no Conservatorio Superior da súa cidade natal e no Superior de Música do Liceo de Barcelona con Carmen Bustamante. Recibiu clases de perfeccionamento de María Orán e Krisztina Laki.

Entre o seu repertorio operístico destacan roles como: Pamina en *A frauta máxica*, Violetta en *La Traviata*,

Donna Anna en *Don Giovanni*, Morgana en *Alcina*, Susana en *O segredo de Susana* de Wolf Ferrari, Margarita en *Fausto...*; en teatros como o Teatro Verdi de Trieste, Teatro Real de Madrid, Maestranza de Sevilla... Ten gravado para importantes selos discográficos como Deutsche Grammophon, Naxos, Licanus, RTVE Música e Chandos.

SEBASTIÀ PERIS

Barítono

Nace en 1989 en Tavernes Blanques (Valencia). Realiza estudos de canto con Patricia Llorens no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia. Ten interpretado personaxes operísticos como Papageno en *A fruta máxica* de Mozart, Marcello e Schaunard en *La Bohème* de Puccini, Hally en *A italiana en Alxer* de Rossini, Junius en *A violación de Lucrecia* de Britten, Belcore en *O elixir de amor* de Donizetti e Sharpless en *Madama Butterfly* de Puccini, entre outros.

Ten traballado con directores de escena e musicais como José Carlos Plaza, Graham Vick, Paco Azorín, Emilio Sagi, Christof Loy, Guillermo García-Calvo, Enrique García Asensio, Cristóbal Soler, Asher Fisch, Víctor Pablo Pérez e Axel Kober. En 2013 gaña o Primeiro Premio de Canto no Concurso Nacional de Canto de “Juventudes Musicales de España”, o que marca o inicio da súa carreira profesional. Desde a temporada 2016/2017 reside en Düsseldorf e colabora asiduamente coa Deutsche Oper am Rhein de Düsseldorf e Duisburgo. Compromisos futuros inclúen proxectos no Teatro Real, a súa participación como artista convidado ao Festival iSing de China, ademais de colaboracións coa Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra de RTVE e a Orquestra de la Comunidad de Madrid.

MARINA PARDO

Mezzosoprano

Desde o seu debut no Teatro Campoamor con *Alexander Nevski* de Prokófiev é moi solicitada no repertorio sinfónico. Ten traballado con batutas do renome de Zedda, García Asensio, Encinar, Herbig, Viotti, Rilling, Heras-Casado, Levine, Díaz, Mena, Rovaris ou Steinberg. Obras como *A canción da Terra* de Mahler, *Rapsodia para alto* de Brahms, *Wesendonk Lieder* de Wagner ou *El amor brujo* de Falla conforman o seu repertorio máis destacado.

En escena ten intervido en *As vodas de Fígaro*, *A valquiria*, *Carmen*, *La Traviata*, *A fruta máxica*, *O barbeiro de Sevilla*, *Lucía de Lammermoor*, *Otello*, *Tancredi*, *Rigoletto*, *O neno e os sortilexios*, *Manon*, *Elektra*, *A violación de Lucrecia*, *La verbena de la Paloma*, *Doña Francisquita*, *A muller sen sombra*, *O pequeno deshollinador*, *Eugenio Onegin*, *A somnámara...*; baixo a dirección escénica de Sagi, Iturri, García, Poda, Bollaín, Guti, Rodríguez Aragón, Portacelli, Plaza, Pontigia, Kemp, López, Font (Els Comediants), García, Palés, Lavelli, Joel, Pizzi, Ichikawa...

ORFEÓN TERRA A NOSA

Miro Moreira, director

Fundado en 1966 polo franciscano Manuel Feijoo e dirixido desde 1984 por Miro Moreira, o compostelán Orfeón Terra A Nosa está dotado dun coro sinfónico en cuxo seo se conforma o coro de cámara, conxunto coral de carácter máis reducido para a interpretación das obras de vocación camerística. Dedicada unha especial atención á recuperación do patrimonio musical das catedrais galegas. Gravou con importantes orquestras e conxuntos de música antiga (Real Filharmonía de Galicia, Sinfónica de Galicia, Capela Compostelana). É dirixido por batutas do talle de Zedda, Colomer, Víctor Pablo Pérez, Paul Daniel, Ros Marbà, Massimo Spadano, William Lacey, Kantarov, Zumalave, Joam Trillo... Realizou xiras e participou en festivais internacionais con grande éxito

da crítica nos Estados Unidos, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia, Venezuela, Alemaña, Inglaterra, Italia, Holanda, Bélxica, Portugal, O Vaticano, Polonia e Francia.

FERNANDO BUÍDE

Compositor

Estudou órgano e composición na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh, onde recibiu o premio de composición Harry Archer. Doutorouse na Universidade de Yale, obtendo o premio Michael Friedmann de investigación. A súa música ten sido interpretada por formacións como a Sinfónica de Pittsburgh, Sinfónica de Minnesota, Filharmónica de Yale, Filharmónica Carnegie Mellon, Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia...; e programada en festivais como o de Granada, Quincena Musical Donostiarra, Cádiz, San Sebastián, El Escorial, Dartington ou New Music New Haven. Gañou a VII edición do premio de composición orquestral AEOS-BBVA.

Foi compositor residente da Real Academia de España en Roma. Foi profesor na Universidade de Yale e nos conservatorios superiores de Vigo e A Coruña, así como profesor visitante no conservatorio “Santa Cecilia” de Roma. Exerceu como organista titular da igrexa presbiteriana de Forest Hills en Pittsburgh.

FERNANDO EPELDE

Dramaturgo

Traballa con frecuencia coa compañía Voadora, desempeñando varios roles tanto dentro como fóra do escenario. O seu labor como dramaturgo inclúe, xeralmente, o vínculo con outras disciplinas como a música, o cine ou o vídeo. A súa obra caracterízase por un certo grao de experimentación formal, moi influído pola edición de vídeo. Interésalle a poesía por enriba do experimento, sempre dentro dunha dunha poética persoal vencellada co presente. Crea unha dramaturxia útil para

o lector, o espectador e o equipo responsable da peza, o que o leva a formato novidosos con características especiais (pezas con documentación videográfica, anotacións, voces locais, xogos sobre o pape, blogs indexados...).

MARTA PAZOS

Directora de escena e escenógrafa

É cofundadora e directora artística da compañía Voadora. Está licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Comeza a dirixir no ano 2000, desenvolvendo o seu traballo (e a súa vida) entre Portugal e Galicia. As súas creacións teñen sido programadas no Centro Dramático Nacional, Centro Dramático Galego, Temporada Alta, Festival de Almagro, Clásicos en Alcalá, Olmedo Clásicos, Fringe-Matadero Madrid, MIT Ribadavia, Tercera Setmana, FIOT ou Festival Escenas do Cambio. Os espectáculos que ten dirixido presentáronse internacionalmente en Brasil, Mozambique, República Checa, Francia ou Portugal. Conta, entre outros galardóns, con tres Premios de Teatro María Casares (dous como directora e un como escenógrafa) e o terceiro premio do Certamen Nacional de Directoras de Torrejón. Voadora conta con máis dunha decena de premios de teatro e en 2013 reciben o Premio da Crítica de Galicia. Destaca a súa recente ópera *Je suis narcissiste*, estreada no Teatro Real de Madrid.

NOTA DO COMPOSITOR. Fernando Buíde

A música desta ópera toma como punto de partida a poderosa e poliédrica figura feminina creada por Fernando Epelde. A ópera pretende recorrer musicalmente a narrativa vital que Cicciolina experimentaba ata transformarse en Clío a través dos tres actos desenvolvidos no libreto. A partitura orixínase como unha busca sonora que reflicte un mundo inconexo que parece moverse entre o fantástico e o hiperrealista, despregado por Epelde. O traballo musical parte dun rol feminino protagonista encarnado nunha soprano lírica, en torno á que se articula o resto da construción musical.

Malia a división en escenas do libreto, a música transcorre sen solución de continuidade. O fluír musical, en constante transformación e evolución sonora, pretende ser un paralelismo dun libreto que bascula entre a realidade e o onírico; un mundo musical surrealista que nos leva do bélico ao violento e trágico, devolvendo unha realidade que nos vemos forzados a cuestionar.

Inda que non existe ningún leit-motiv ou tema musical ligado a personaxes concretas, si existen ideas musicais que de maneira ampla poden vincularse a expresións ou momentos anímicos recorrentes ao longo da peza. Poderían sinalarse tamén varios fragmentos musicais, a modo de interludios, que intentan servir de comentarios emocionais ao texto.

A escritura vocal abarca dende liñas líricas amplas ata momentos máis fragmentados e con xestos musicais atomizados. Porén inténtase en todo momento preservar a comprensión directa do texto. Esta ópera pretende ser ante todo teatro musical.

O orgánico orquestral está pensado para unha formación sinfónica de tamaño clásico que poida acomodarse a un foso de dimensións medias. O número aproximado de músicos, contando as variacións que poida ter na sección de corda, situaríase entre os 40 e 50. Dentro da sección de corda o único requisito é contar polo menos con 4 violoncellos e 3 contrabaixos. Na sección de vento madeira incorpóranse timbres que reforzan a dimensión

grave do conxunto (contrafagot e clarinete baixo) e a sección de percusión incorpora instrumentos de carácter resonante como campás, vibráfono ou tam-tam, que en moitas ocasións actuarán xunto coa arpa como prolongación sonora das harmonías da orquestra.

NOTA DA DIRECTORA DE ESCENA. Marta Pazos

Neste proxecto quixen traballar a idea de cambio de contexto. De habitar un lugar que en principio non nos pertence.

Clío, unha musa nacida da mitoloxía, habita de xeito natural o mundo da Arte. Fernando Epelde convídada a entrar no mundo da Alta Política.

O mesmo camiño que George W. Bush percorreu en sentido inverso desde a presidencia ata a pintura de retratos.

O mesmo camiño que unha compañía como Voadora, de creación de vangarda desde a periferia, fixemos para entrar no mundo da lírica, seguindo a nosa estela irreverente.

Ou o mesmo camiño que unha directora de escena percorre para dirixir ópera, un mundo que, ao igual que a Alta Política, é case exclusivo de homes. Non é casual que as directoras de ópera en España se poidan contar cos dedos dunha man.

Neste sentido, este proxecto supón un fito en si mesmo. Facelo para aquí, desde aquí, co/as que aquí estamos, e en galego, é xa un xeito de contar que non só é posible habitar eses espazos, senón que é momento de facelo.

A posta en escena plantéxoa coma un diálogo de contextos. Fernando Epelde propón unha trama trepidante de corte cinematográfico con icónicos líderes mundiais. A música etérea de Fernando Buíde ten carácter onírico e case divino.

Estas dúas realidades tradúcense na posta en escena nun díptico pictórico de complementarios con dous espazos independentes. Un cadro vermello, político, racional, presidido por unha grande escaleira, símbolo

da xerarquía, e outro cadro verde, artístico, emocional, cunha gran ventá e múltiples bastidores que manexan proporcións áureas.

O público enfróntase a estas dúas realidades desde a perspectiva do voyeur. Que acontece na privacidade do despacho oval? ou nas salas dos grandes museos cando non abren a público?

Neste díptico introduzo un novo personaxe: o movemento, dirixido por Rut Balbís, representado por un lado polos xemelgos Martínez Buceta, materialización do medo da musa e que potencian a similitude e o efecto espello que existe entre estes dous exclusivos mundos. Por outro lado, un gran corifeo que representa os tentáculos do poder: os asesores da Casa Branca, os operarios especialistas dun museo, os políticos dun cumio internacional, os/as adiñeirados/as compradores dunha poxa ou o exército feminino dunha nova nación europea.

Sobre eles Clío, unha musa, muller que comprende moitas mulleres, voluntariamente desprendida do seu halo divino, que renega do eterno posado e decide traspasar o marco do seu cadro para entrar en acción e cambiar o mundo que a creou. Para reescribir a Historia.

AGRADECEMENTOS

Iria Azevedo, Anxo Bernárdez, Santiago Black Ravens, Teatro Praga, Cecilia Carballido, Xabier Campos, Cecilia Pereira, Berto S. Lozano, Carmen Juanatey, Robert Mathews, Concha Antas, Dalia Antas, Conservatorio de Santiago de Compostela, Iria Arias, José Luis Vázquez Vázquez, Rosa Vázquez García, Hugo Paradela Macia, Miguel Cabezas, Ilona Staller, Luca di Carlo, Lorenzo Pappagallo, Cibrán Díaz, Olivia Torres, Noel Torres e ao persoal técnico da Agadic.

Xoves 21 de novembro

20.30 h

RAIZAME

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Manuel Hernández-Silva, director
Pacho Flores, trompeta

A. Márquez, *Concierto de otoño para trompeta*
E. Oscher, *Danzas latinas para trompeta e orquestra (estrea absoluta)*
J. Sibelius, *Sinfonía núm. 2 en Re maior, op. 43*

19.45 h

SALA MOZART

CONVERSANDO CON.... Manuel Hernández-Silva e Pacho Flores

Xoves 28 de novembro

20.30 h

CINEEUROPA

A CAÍDA DA CASA DE USHER
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
José Antonio Montaña, director

J. M^o Sánchez-Verdú: *El palacio encantado*
(estrea en España)

A caída da casa de Usher (1928) de Jean Epstein
Música: J. M. Sánchez-Verdú (estrea en España)*

19.45 h

Sala Mozart

CONVERSANDO CON... José Antonio Montaña

*Coprodución do Festival Stresa (Italia) / Casa da Música de Porto (Portugal) e Real Filharmonía de Galicia

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia
@CCultura



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA